

## Orde do día do día 23 de maio de 2005

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno Local:

Don Néstor Rego Candamil.

Don Luis Toxo Ramallo.

Dona Teresa García-Sabell Tormo.

Don Xaquín Fernández Leiceaga.

Don José Angel Baqueiro Canabal.

Don Bernardino Rama Seoane.

Dona Elvira Cienfuegos López.

Don Manuel Portas Fernández.

Ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco ós/as Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno Local que terá lugar o día **23 de maio de 2005, ás 10:00 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de acta de sesión anterior.
- 2.- Solicitudes de licencias de obras.
- 3.- Devolución de fianzas.
- 4.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.
- 5.- Proposta do Concelleiro Delegado de Festexos relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do deseño, montaxe e realización do espectáculo nocturno das Festas Patronais 2005 da cidade de Santiago de Compostela.
- 6.- Proposta da Concelleira Delegada de Réxime Interior relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a vixiancia da saúde dos traballadores municipais.
- 7.- Prórroga e revisión de prezos do contrato de aluguer do local sito na rúa Travesa dos Basquiños nº 7, utilizado



## Orde do día do día 23 de maio de 2005

como centro AA.VV. Francisco Asorey e sociocultural da Almáciga.

8.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para a publicación do Plan Xeral de Ordenación Municipal no portal web do Concello de Santiago de Compostela.

9.- Proposta da Concelleira Delegada de Persoal relativa ó aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios.

10.- Propostas do Concelleiro Delegado de Facenda relativas a solicitudes de bonificacións no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.

11.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa á concesión dunha prórroga extraordinaria de seis meses do contrato de cesión de uso dunha vivenda municipal dentro do proxecto de acollemento temporal de vivendas municipais.

12.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á solicitude de retirada do quiosco sito na praza de Cervantes.

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do pavillón municipal de "Pío XII".

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do pavillón municipal de Vite.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do pavillón municipal "Apóstolo Santiago".

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do campo de fútbol de San Lázaro II para distintas actividades.



**Orde do día do día 23 de maio de 2005**

17.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do programa "Tempo libre de verán 2005".

18.- Proposta do Concelleiro Delegado de Mercados relativa a unha modificación no acordo da sesión de 2 de maio de 2005 relativo á aprobación da sinatura dun Convenio co Instituto Municipal de Mercados de Barcelona.

19.- Proposta da Concelleira Delegada de Sanidade relativa á aprobación do proxecto da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos no refuxio de animais.

20.- Dar conta de Autos e Sentenzas xudiciais.

21.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

22.- Correspondencia.

23.- Rogos e Preguntas

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2005

**O Alcalde**

**Asdo:** Jose A. Sánchez Bugallo